



Universidad

Premiado un vídeo da UVigo sobre as noctilucas

Un vídeo realizado polo grupo Divulgare da Universidade de Vigo sobre as estratexias adaptativas a través da bioluminiscencia das algas Noctilucas scintillans vén de acadar o primeiro premio duns galardóns concedidos polo programa da ETB Teknopolis, considerado o mellor espazo televisivo de divulgación científica de Europa pola European Science Foundation. A peza, feita en 3D, foi premiada non só pola súa calidade técnica e porque conseguiu que un tema pouco atractivo para o xurado acabara «entrándolle polos ollos».